



## FUNDACIÓN PENZOL

### MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2013

Neste ano, o 30 de agosto, produciuse o triste pasamento de D. Benxamín Casal Vila, prezado amigo e compañeiro do noso Padroado, histórico galeguista e alicerce do sentimento cultural e social galego.

#### I. RECOÑECEMENTOS E DISTINCIÓNS Á FUNDACIÓN PENZOL E AOS SEUS PADROEIROS

O noso padroeiro vitalicio, Xerardo Fernández Albor foi condecorado coa Gran Cruz de la Orden de Isabel la Católica que outorga o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para premiar os comportamentos extraordinarios de carácter civil que redundan en beneficio do país ou favorecen a amizade e cooperación con outros países. O acto celebrouse en Santiago o 4 de xaneiro.

O día 23 de maio, o Presidente da Fundación, Alfonso Zulueta de Haz, recibiu o premio “Pontevedrés do Ano 2013” outorgado polo Diario de Pontevedra.

**O CENTENARIO DO NACEMENTO DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**, padroeiro vitalicio e director da Biblioteca da Fundación dende a súa inauguración en 1963 ata decembro de 2009, motivou unha abondosa serie de homenaxes e actividades, moitas promovidas por esta Fundación coa colaboración da Editorial Galaxia que se detallan no apartado I. Foi homenaxeado, tamén, por iniciativa doutras institucións:

- Fundación Lois Peña Novo:

**Acto público de homenaxe na Alameda de Vigo** ao seu expresidente honorífico. Programa: actuación do grupo musical “A Roda”; intervencións de Gonzalo Amoedo, Xosé González, Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Méndez Ferrín e Anxo Lorenzo; ceibado de 100 pombas mensaxeiras por parte da Federación Colombofilia Galega. 16 de febreiro.

- La Voz de Galicia:

**Suplemento Culturas**, cunha ampla reportaxe sobre a traxectoria de Del Riego, da autoría de Jorge Lamas. 12 de xaneiro.

- Faro de Vigo:

**Suplemento Faro da Cultura** dedicado á figura de Del Riego. 17 de xaneiro.

**Presentación do libro *Francisco Fernández del Riego y Faro de Vigo: el guerrero del galleguismo***, de Ceferino de Blas, dentro do marco da celebración do 160 aniversario do xornal.

- Concello de Lourenzá:

**Declaración do ano 2013 como “Ano de Francisco Fernández del Riego”** no municipio de Lourenzá.

**Misa homenaxe na Igrexa de Santa María de Valdeflores**; ofrenda floral ante o busto de Fernández del Riego; proxección dun documental sobre o intelectual galeguista titulado “Pegadas na memoria”, editado pola TVG. 7 de xaneiro.

**Ruta Literaria “Lourenzá lembra a Fernández del Riego”**, de 2,7 km de percorrido polo termo municipal, con lecturas da súa obra a cargo dos propios veciños. 17 de maio.

**Loa a “Don Paco”** diante do seu busto. Praza do Conde Santo, 26 de novembro.

**Exposición 100 anos de Del Riego.** Casa do Concello, 26 de novembro ao 20 de decembro.

- Real Academia Galega:

**Pleno extraordinario da RAG** na Casa Galega da Cultura de Vigo en homenaxe ao centenario do seu expresidente. 23 de marzo.

- CEIP Manuel Antonio:

**Homenaxe a F. Del Riego.** Programa: bautizo da biblioteca do centro de ensino como Biblioteca Francisco Fernández del Riego; Mesa Redonda sobre la figura de “Don Paco”. Intervencións: Vítor Freixanes, Antón Pulido. 21 de maio.

- Asociación Galega de Editoras e Editores:

**Curta documental *Fernández del Riego, coa mira no porvir***, gravado por Illa Bufarda para a súa proxección na Noite da Edición 2013. Vigo, 15 de marzo.

- ANABAD-Galicia:

**Sesión en homenaxe a Fernández del Riego** na Casa Galega da Cultura de Vigo, cunha visita guiada ás dependencias da Fundación Penzol. 29 de xuño.

- Asociación Galega de Editores e Editoras:

**Presentación da curta documental *Fernández del Riego, coa mira no porvir*** realizado por Illa Bufarda para a *Noite da Edición* 2013. Vigo, 15 de marzo.

**A CONMEMORACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN PENZOL**, tamén motivou diversas iniciativas culturais por parte de institucións públicas e privadas:

- Secretaría Xeral de Cultura:

**Publicación do *Calendario do Libro e a Lectura 2013*** que recolle o 50 aniversario da Fundación Penzol e o centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego.

- Editorial Galaxia:

**Presentación do nº 197 da revista *Grial*** na Casa Galega da Cultura de Vigo, que dedica as súas páxinas á Fundación Penzol, entre as que hai artigos dos padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Cabrera, Francisco Domínguez e Henrique Monteagudo. 25 de abril.

- Asociación Galega de Editoras e Editores:

**Premio Francisco Fernández del Riego á Fundación Penzol** pola difusión do ámbito editorial e cultural, foi recollido polo noso presidente Alfonso Zulueta na Noite da Edición 2013. Vigo, 15 de marzo.

- Asociación de Veciños Casco Vello de Vigo:

**Maio de Cor á Fundación Penzol**, na celebración da XXXI edición da Festa dos Maios, a Asociación Casco Vello (Vigo) entregou ao Presidente da Fundación, Alfonso Zulueta, unha figura de cerámica da autora viguesa Emilia Guimeráns, en recoñecemento do traballo, compromiso e dedicación da nosa institución e de quen foi o director da súa biblioteca, Francisco Fernández del Riego, na defensa de Galicia e a súa Cultura. 12 de maio.

- Xunta de Galicia:

**Medalla de Ouro de Galicia 2013 á Fundación Penzol**, que foi entregada na Cidade da Cultura polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, ao noso presidente, Alfonso Zulueta. 19 de novembro.

## II. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA FUNDACIÓN PENZOL

### 1. Actividades con motivo do Centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego, en colaboración coa Editorial Galaxia

- **Presentación do libro *Vigo dende o corazón de Galicia: Francisco Fernández del Riego***, con edición ao coidado das pradoeirás M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e M<sup>a</sup> Dolores Villanueva, promovido pola Fundación Penzol e a Editorial Galaxia, co patrocinio do Concello de Vigo. Casa Galega da Cultura de Vigo, 10 de xaneiro.
- **Blogue *Centenario Francisco Fernández del Riego***, aloxado na web da editorial Editorial Galaxia, e levado polas padroeiras M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e M<sup>a</sup> Dolores

Villanueva. Creado o 7 de xaneiro contabilizou, ao longo do ano, algo máis de 150 entradas (posts).

- **Apertura da conta de Facebook *Centenario Francisco Fernández del Riego***, ao coidado das padroeiras M<sup>a</sup> Dolores Villanueva e M<sup>a</sup> Dolores Cabrera. 31 de xaneiro.
- **Placa conmemorativa do Centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego e do 50 aniversario da Fundación Penzol**, na Casa Galega da Cultura de Vigo, na súa fachada da praza da Princesa, do taller de Lino Cao, arte en bronce. 21 de maio.
- **Exposición *Francisco Fernández del Riego: Cos Ollos do seu Espírito***, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e do seu Consello Social. Comisariada polas padroeiras M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e M<sup>a</sup> Dolores Villanueva. Colexio de Fonseca de Santiago, 8 de xullo ao 31 de agosto.
- **Exposición *Francisco Fernández del Riego: Cos Ollos do seu Espírito***, coa colaboración do Concello de Lourenzá. A inauguración contou coas intervencións de: Jesús Vázquez, Emma Álvarez e a nosa padroeira e co-comisaria, M<sup>a</sup> Dolores Cabrera. Lourenza, 2 de novembro ao 17 de novembro.
- **Exposición *Francisco Fernández del Riego: Cos Ollos do seu Espírito***, na Casa Galega da Cultura de Vigo, 26 de novembro de 2013 ao 26 de xaneiro de 2014.

## 2. Actividades conmemorativas do Cincuenta aniversario da Fundación Penzol

- **Presentación do libro *Xeórxicas do pan***, na Casa Galega da Cultura de Vigo, que reproduce poemas inéditos de Ramón Otero Pedrayo depositados no arquivo da Fundación Penzol. Incorpora tamén un estudo crítico do traballo feito polo grupo de investigación da Universidade de Vigo, dirixido por Manuel Forcadela. O libro é unha coedición da Fundación Penzol, do Consello Social da Universidade de Vigo e da Editorial Galaxia. 15 de febreiro.
- **Reedición do libro *Fermín Penzol. Unha Obra para un país***, publicado en 2010 e coordinado polos padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo.
- **Exposición *Fermín Penzol: Unha Obra para un País***, coa colaboración da Editorial Galaxia. Comisarios os padroeiros: M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e Henrique Monteagudo. Casa Galega da Cultura de Vigo, 26 de abril ao 26 de marzo.
- **Colocación dunha placa conmemorativa do 50 aniversario da Fundación Penzol e do centenario de Francisco Fernández del Riego**, foi realizada no taller de Lino Cao. patrocinada polo Concello de Vigo e instalada na sede da Fundación Penzol, na fachada da praza da Constitución. 21 de maio.

- **Exposición *Fermín Penzol: Unha Obra para un País***, coa colaboración da Editorial Galaxia, do Consello Social e Universidade de Santiago de Compostela. Colexio de Fonseca de Santiago, 8 de xullo ao 31 de agosto.
- **Exposición *Vigo na Fundación Penzol: Mostra Bibliográfica e Documental: 50 aniversario da Fundación Penzol***, coa colaboración da Editorial Galaxia e o Concello de Vigo e comisariada polo director da Fundación, Francisco Domínguez e Marián Vidal. Casa Galega da Cultura de Vigo, 10 de outubro ao 17 de novembro.

### III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

**Homenaxe a Fernández del Riego**, organizado pola Universidade de Vigo, coa colaboración de Trabalingua e a Fundación Penzol. Programa: descubrimento dunha placa ao pé do pradairo plantado en 2010 na súa honra. Intervencións: Xosé-Henrique Costas e Alfonso Zulueta de Haz (Fundación Penzol); Mesa Redonda *Lembranza e semblanza de D. Paco del Riego* no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía e Tradución. Interveñen: Camiño Noia e Ana María Fernández del Riego e os padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Villanueva e Francisco Domínguez. 4 de marzo.

**Programa Eirado** da CRTVG, con dúas entrevistas ao Director da Fundación Penzol, Francisco Domínguez nas que falou sobre o centenario de Del Riego e sobre o cincuentenario da Fundación. 31 de marzo.

**Exposición *No Principio Foi o Verso, o Cantar dos Cantares***, organizada pola Fundación Rosalía de Castro, en colaboración coa Real Academia Galega e a Universidade de Vigo. Sede da Fundación Barrié en Vigo, 15 de maio ao 15 de agosto.

**Rúa en Ourense para Virxilio Fernández**, solicitada pola Fundación Penzol ao Alcalde do Concello de Ourense, a petición da Coral de Ruada. 28 de maio.

**Exposición *Emilio Fernández Rodal (1912-1972): Retrato de Sociedade dun Artista Vigués***, organizada pola Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. 19 de abril ao 6 de xuño.

**Encontro en Lourido (Nigrán)**, no que Instituto de Estudos Miñoranos, convocou unha reunión de amigos e familiares para lembranza de Paco del Riego, diante da placa que o recoñece como “Fillo adoptivo de Nigrán”, contou coas intervencións de Xulián Maure, Gonzalo Navaza e dos padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Villanueva e Francisco Domínguez. 30 de agosto.

**Exposición *100 Anos do Colexio dos Maristas de Vigo (1913-2013)***. Centro Social de Nova Galicia Banco, 10 de novembro ao 14 de decembro.

**Paseo co nome do matemático Rufo Pérez González, no río Lagares**, co apoio da Fundación á campaña cidadán promovida polo seu sobriño Xurxo Rodríguez. Acordo

plenario do Concello de Vigo: 30 de setembro. Inauguración: 6 de novembro.

**Mesa redonda *Galicia no espello: reflexos de Francisco Fernández del Riego***, organizada polo Concello de Lourenzá, con motivo da inauguración da exposición *Francisco Fernández del Riego: Cos Ollos do seu Espírito*. Foi moderada por Guadalupe Flórez e interviñeron: Manuel Román, Francisco Domínguez, director da Fundación Penzol e Xosé Luis Anxemil. Casa da Cultura de Lourenzá, 2 de novembro.

**Simposium *O Futuro da Biblioteca no Entorno Dixital***, organizado pola Asociación Galega de Editores. Un dos relatores foi Francisco Domínguez, director da Fundación Penzol, que na súa ponencia *Dixitalización para a investigación*, expuso a historia da institución, a día de hoxe o arquivo documental máis importante de Galicia e os procesos de dixitalización dos fondos alí depositados. Santiago de Compostela, 14 de novembro.

**Proxección do documental *Francisco Fernández del Riego no río do tempo* e Mesa Redonda**, organizada polo Concello de Noia, coas intervencións de Víctor Freixanes, Xurxo Martínez e dos padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e Francisco Domínguez. Casa da Cultura Antón Avilés de Taramancos de Noia, 15 de novembro.

**Proxección do documental *Francisco Fernández del Riego no río do tempo* e Mesa Redonda**, organizada pola Asociación Cultural Alén Nós (Redondela), intervencións de Víctor Freixanes, Xurxo Martínez e dos padroeiros M<sup>a</sup> Dolores Cabrera e Francisco Domínguez. Casa da Torre de Redondela, 10 de decembro.

**Placa a Francisco Fernández del Riego na praza de Compostela, número 29 de Vigo**, organizada pola Fundación Lois Peña Novo, en lembranza de que alí viviu o mestre de galeguismo, contou coas intervencións de Xosé González, Francisco Domínguez (Fundación Penzol), Ana María Fernández del Riego, Valentín García, Carlos Varela e Alonso Montero. 21 de decembro.

#### IV. DIFUSIÓN

##### 1. Boletín dixital “Novas Penzol”

Continuamos coa difusión deste boletín, a cargo do padroeiro Silvestre Gómez Xurxo, coa colaboración do equipo técnico da biblioteca e do arquivo da Fundación.

Dedicamos o primeiro boletín deste ano ao *Novas Penzol 3*, de marzo 2013, que informou dos fondos bibliográficos de e sobre Francisco Fernández del Riego.

O *Novas Penzol 4*, maio 2013, presentou os fondos sobre Roberto Vidal Bolaño existentes na Fundación Penzol. Tamén se dá noticia duns fondos complementarios sobre Valentín Paz Andrade e das actividades previstas co gallo da celebración do cincuentenario da Fundación Penzol e do centenario de Francisco Fernández del Riego.

O *Novas Penzol 5*, novembro 2013, da noticia dos fondos arquivísticos de e sobre Del Riego, complementando ao *Novas Penzol 3*.

## 2. Páxina web

Aloxada no servidor do Concello de Vigo, neste ano funcionou con normalidade no tocante aos diversos apartados de información relativa á Fundación Penzol. O correcto acceso remoto aos catálogos da biblioteca e do arquivo, está pendente de diversos traballos por parte do departamento municipal de administración electrónica.

## 3. Conexión Wi-Fi

Dende o 26 de abril, a Casa Galega da Cultura ofrece de balde a conexión a esta rede sen fíos.

## 4. Visitas de centros de ensino escolares e de asociacións á Fundación Penzol e Casa galega da Cultura

VISITAS ESCOLARES E OUTRAS	Nº persoas
Grupo de maiores da UVIGO	43
Asociación de Persoas Xordas de Vigo	21
IES Salvaterra de Miño	20
Alumnos UDC-Grao en Información e Documentación	9
Asociación Trabalingua UVIGO	6
Asociación de Veciños de Castrelos-Monte da Mina	15
Asociación de Veciños San Miguel de Oia	6
IES Montemogos-Bueu	26
IES Coristanco	35
Asociación Amigos de los Pazos	19
Asociación de Veciños A Miño. Vigo	15
IES alexandre Bóveda (Coia II)	38
Colegio Argentino-Gallego Santiago Apóstol (Buenos Aires)	18
<b>Total visitantes</b>	<b>256</b>

## V. VISITAS INSTITUCIONAIS

### 1. Visitas institucionais á Fundación Penzol

- Portavoz do BNG de Vigo, Iolanda Veloso. 19 de febreiro.
- Concelleiro da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, Cayetano Rodríguez

Escudero. 27 de febreiro.

- Presidente e Director da Fundación Galiza-Sempre, Xesús Veiga e Xabier Macías. 6 de marzo.
- Profesora de Historia Moderna da Universidade de Vigo – Campus de Ourense, María López Díaz. 29 de abril.
- Secretario do Consello da Cultura Galega, Marcelino Fernández Santiago. 6 de novembro.
- Profesora de Literatura española y Teoría de la Literatura e coordinadora do Máster de Teatro e Artes Escénicas, Carmen Luna Sellés. 15 de novembro.

## **2. Visitas institucionais da Fundación Penzol**

- Visita ao Alcalde de Vigo, Abel Caballero, de Alfonso Zulueta, Antón Vidal e Francisco Domínguez para tratar da exposición *Vigo na Fundación Penzol*. 12 de xuño.

## **VI. INCREMENTO, CATALOGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS**

### **1. Incremento de fondos bibliográficos**

Na biblioteca incorporáronse, na meirande parte procedentes de doazóns diversas, novos títulos:

- Fondos bibliográficos: 835. Nos que salienta a doazón do xornalista Xan Carballa de 371 títulos.
- Publicacións periódicas: 27 títulos novos, ademais dos números das publicacións periódicas en curso.

### **2. Catalogación e informatización de fondos bibliográficos**

Total número de rexistros catalogados e informatizados, baixo o programa SABINI:

- Monografías: 1.919: 700 do fondo de Ramón Martínez López e 1.219 do fondo galego.
- Publicacións periódicas: 27 do fondo galego.

A 31 de decembro de 2013 a informatización abrangue o total de rexistros seguinte:

- 38.949 monografías.
- 1.921 publicacións periódicas.



- 70 mapas e planos.

### **3. Dixitalización de fondos bibliográficos**

O fotografado dixital foi realizado polo Gabinete Fotográfico de Enrique Touriño e abarcou:

- Monografías: 1 título = 213 imaxes.
- Publicacións periódicas: 49 títulos = 2.686 imaxes.

## **VII. INCREMENTO E DESCRICIÓN DE FONDOS ARQUIVÍSTICOS**

### **1. Incremento de fondos arquivísticos**

Este ano non se produciron novos ingresos, aínda que están pendentes de formalizar as doazóns dos fondos arquivísticos de:

- Fermín Penzol, coa familia da súa viuva Blanca Jiménez.
- Alfonso Zulueta de Haz.
- Xosé Luis Franco Grande.

### **2. Tratamento e informatización de fondos arquivísticos**

#### TRATAMENTO DE FONDOS

Conclúese a organización e descrición de fondos de orixe pública, a partir do establecido nas fichas manuais. Nalgúns dos casos, a aparición de documentos non organizados deu orixe a novos fondos: por exemplo figuraban como “Impresos” unha serie de documentación pertencente ao Xefe Político Superior de Galicia así como a Deputación Única.

Revisouse o cadro de clasificación, resultando certas modificacións parciais para a súa adaptación aos modelos de cadro dos arquivos histórico-provinciais (inclusión da agrupación Administración corporativa), así como o desenvolvemento do apartado Arquivos relixiosos -a partir do modelo elaborado polo Arquivo da Catedral de Santiago- para a incorporación de institucións relixiosas non dependentes directamente do clero regular ou secular (benefico-asistenciais, ensino, etc...).

Outros traballos desenvolvidos no pasado ano foron os seguintes:

- Inventario do arquivo de Antonio Pérez Prado e elaboración dunha base de datos en Access 2000, cos traballos deste ano de Pablo Pastoriza Rozas, como voluntario, cos que continuou a alumna en prácticas da Universidade da Coruña Beatriz Montes Crespo (rematado no presente ano por alumnas da USC). Organizouse a serie de correspondencia co establecemento dos puntos de acceso correspondentes.
- Inventario do arquivo de Xosé María Álvarez Blázquez e elaboración dunha base de datos en Access 2000. A cargo do alumno en prácticas da Universidade de Vigo Adrián Presas Sobrado. Pendente de concluír.

- Traballos de organización do fondo Inzar, realizados por Xurxo Rodríguez Pérez como voluntario da propia Fundación. O fondo incluía unha gran cantidade de duplicados, fundamentalmente de publicacións impresas. Foron separados pero non eliminados. Os últimos traballos diríxense á identificación de series.
- Revisión e organización de 7 caixas de arquivo do fondo Manuel Rodríguez Lapa, inicialmente clasificadas como *Notas*, polo voluntario Nazario Santos Somoza.

REXISTROS INFORMATIZADOS:<sup>1</sup>

Foron informatizados un total de:

- 7.919 rexistros descritivos de fondos e documentos.
- 5.196 rexistos de descrições de autoridades.

## VIII. DOADORES

Damos o noso agradecemento ás doazóns que continúan sendo abondosas e de procedencia diversas:

PARTICULARES: 552 obras

ALFONSO ZULUETA  
 ANTON COSTA RICO  
 ANTON VIDAL  
 ANTON PALACIO  
 BENXAMIN CASAL  
 BERNARDO MAIZ  
 CARLOS NUEVO  
 CARLOS ZUBILLAGA  
 CARMEN MANSO PORTO  
 CARMEN PEREZ PAIS  
 CIPRIANO JIMENEZ  
 DARIO XOHAN CABANA  
 DAMIAN SUAREZ  
 DOLORES DURAN  
 EDUARDO SANTIAGO  
 EMILIO QUIÑONES GIRALDEZ

---

1 Última consulta o 30/04/2014. As descrições respostan a busca calquera campo=\* e nivel=Arquivo Penzol. A busca para as autoridades foi calquera campo=ES.GA.36057 (autoridades descritas). Neste último caso non foi posible separar os arquivos Penzol e Fernández del Riego pois ambos comparten a mesma base de datos de autoridades.

ELADIO BELLO  
ESTANISLAO FERNANDEZ CIGOÑA  
FELIX CABALLERO  
FRANCISCO DOMINGUEZ  
JAIME GARRIDO  
JAVIER BAS CORUJEIRA  
JOSE LUIS FONTELA  
JOSE MONTES PEREZ  
JULIO HERNANDEZ BORGE  
MARÍA DOLORES CABRERA IGLESIAS  
MARIA LOEZ DIAZ  
MARIAN VIDAL  
MANUEL LOSA ROCHA  
MANUEL PUGA PEREIRA  
PEDRO LÓPEZ  
RAFAEL VALLEJO  
RAMIRO BARROS  
RAMON RODRIGUEZ MONTERO  
RAUL SOLLEIRO  
SANTIAGO LENS  
XABIER GROBA  
XAN CARBALLA  
XERARDO DASAIRAS  
XERARDO FERNANDEZ SANTOME  
XOAN BERNARDEZ VILAR  
XOAN CARLOS DOMINGUEZ ALBERTE  
XOSE A. FERNANDEZ SALGADO  
XULIAN PARGA

EDITORIAIS: 109 obras

EDICIONS XERAIS DE GALICIA  
LIBRERIA FOLLAS NOVAS  
GALAXIA  
KALANDRAKA  
ALVARELLOS

INSTITUCIÓN: 149 obras

ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA  
ACTEGA ARTISTICA

AGRUPACION AMIGOS DE CONXO  
AGRUPACION CULTURAL NOS  
ASOCIACION AMIGOS DOS PAZOS  
ASOCIACION VECIÑAL DE TEIS  
CENTRO RAMON PIÑEIRO  
CIDADE DA CULTURA  
COLECTIVO INZAR  
COLEGIO ARGENTINO GALLEGO  
CONCELLO DE ARTEIXO  
CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLO DA CANGAS  
CONCELLO DE LUGO  
CONCELLO DE OLEIROS  
CONCELLO DE OURENSE  
CONCELLO DE OUTES  
CONCELLO DE REDONDELA  
CONCELLO DE VIGO  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE  
FACULTADE BELAS ARTES (PONTEVEDRA)  
FUNDACION BAUTISTA ÁLVAREZ  
FUNDACION GALICIA SEMPRE  
FUNDACION PENZOL  
FUNDACION PREMIOS DA CRITICA  
INSTITUTO DE ESTUDOS VIGUESES  
MUSEO DO POBO GALEGO  
MUSEO PROVINCIAL DE OURENSE  
REAL ACADEMIA GALEGA  
SEPT  
SEMINARIO ESTUDOS TERRA VIVEIRO  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
UNIVERSIDADE DE VIGO  
VALEDOR DO CIDADAN (VIGO)  
XUNTA DE GALICIA

**IX. ESTADÍSTICAS DE PRÉSTAMOS, LECTORES, CONSULTAS, REPRODUCCIÓN,  
PUBLICACIONES DE ORIXINAIS E TEMAS DE CONSULTA**

**1. Préstamos**

Co préstamo de orixinais, esta biblioteca segue brindando unha colaboración que se fai imprescindible para a edición de facsímiles, publicacións e reprodución de material gráfico e audiovisual, así como para o desenvolvemento de exposicións.

<b>Préstamos 2013</b>	<b>Total pezas</b>
Traballos editoriais e difusión	9
Exposicións	14

**2. Estatística de lectores clasificados por obxectivo da consulta**

<b>2013</b>	<b>Teses</b>	<b>Investigación</b>	<b>Traballos académicos</b>	<b>Outros</b>	<b>Total</b>
<b>xaneiro</b>	4	35	0	18	<b>57</b>
<b>febreiro</b>	4	33	3	12	<b>52</b>
<b>marzo</b>	5	46	4	15	<b>70</b>
<b>abril</b>	5	26	2	11	<b>44</b>
<b>maio</b>	4	27	3	9	<b>43</b>
<b>xuño</b>	5	20	3	6	<b>34</b>
<b>xullo</b>	4	18	5	5	<b>32</b>
<b>agosto</b>	5	17	0	7	<b>29</b>
<b>setembro</b>	2	15	2	7	<b>26</b>
<b>outubro</b>	12	36	2	25	<b>75</b>
<b>novembro</b>	7	32	9	24	<b>72</b>
<b>decembro</b>	6	33	2	20	<b>61</b>
<b>TOTAL</b>	<b>63</b>	<b>338</b>	<b>35</b>	<b>159</b>	<b>595</b>

### 3. Estatística de número de pezas consultadas

<b>2013</b>	<b>Libros</b>	<b>Revistas</b>	<b>Arquivo</b>	<b>Total</b>
<b>xaneiro</b>	119	25	32	<b>176</b>
<b>febreiro</b>	142	38	5	<b>185</b>
<b>marzo</b>	161	55	25	<b>241</b>
<b>abril</b>	100	11	13	<b>124</b>
<b>maio</b>	109	15	16	<b>140</b>
<b>xuño</b>	40	23	6	<b>69</b>
<b>xullo</b>	41	17	58	<b>116</b>
<b>agosto</b>	65	26	8	<b>99</b>
<b>setembro</b>	83	8	0	<b>91</b>
<b>outubro</b>	117	10	3	<b>130</b>
<b>novembro</b>	217	43	7	<b>267</b>
<b>decembro</b>	149	31	0	<b>180</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1343</b>	<b>302</b>	<b>173</b>	<b>1818</b>

### 4. Estatística do servizo de reprodución e publicación de orixinais

<b>Tipo de solicitude</b>	<b>Nº solicitudes</b>	<b>Nº de imaxes dixitais facilitadas</b>
Reprodución	53	309
Publicación	16	<b>Nº fotocopias facilitadas</b>
		2.228

### 5. Temas de consulta

XANEIRO

- Xeografía do Alto Minho
- Historia do Val Miñor
- A obra de Rosalía de Castro

- Historia de Viveiro
- Toponimia da Baixa Limia
- A botica de Sobrado dos Monxes
- O edificio de Cordelerías Mar
- A literatura de Lino Braxe
- Serra do Galiñeiro
- Exposición sobre Emilio Fernández Rodal
- Cancioneiro popular galego
- Teoría estética de Vicente Risco
- Estudo toponímico da parroquia de Bembrive
- Correspondencia de Aquilino Iglesia Alvariño
- Escolas de Vigo
- Vigo no alzamento militar de 1936

#### FEBREIRO

- Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro
- Estudo do xornal “La Oliva”
- Historia da literatura catalana
- A obra de Jaume Roig
- A batalla de Rande
- A literatura de Teophilo Braga
- Poesía popular galega
- Blog de difusión da historia do Concello de Salvaterra
- Prensa galega
- Filoloxía galega
- A obra literaria de Rosalía de Castro
- Toponimia da Baixa Limia
- Biografía de Francisco Fernández del Riego
- O ensino en Galicia
- Itinerario por Bouzas
- La Oliva e Rosalía de Castro
- Teoría e estética de Vicente Risco: arte e literatura
- Historia da parroquia de Beade

#### MARZO

- Toponimia da Baixa Limia
- Infinitivo conxugado
- A literatura de Lino Braxe
- Exposición sobre Emilio Fernández Rodal
- Documentalismo web Fundación Isla Couto
- A lingua de Rosalía de Castro
- A obra literaria de Rosalía de Castro

- Localización do topónimo Barcelos
- A obra de Xaquín Marín
- Sociolingüística
- Historia de “La Oliva”
- Estudos de lingüística
- Transformación das áreas costeras da Ria de Vigo
- Transformación nas formas de asentamento poboacional de Vigo e a súa área de influencia
- Vida e obra de Primitivo Rodríguez Sanjurjo
- Historia de Beade
- Un espazo para os mortos en Vigo: o cemiterio de Pereiró e os seus recursos patrimoniais
- A Fonte de Neptuno
- Exposición conmemorativa dos 150 anos de “Cantares gallegos” de Rosalía
- José Gil, fotógrafo
- Informe arqueolóxico

#### ABRIL

- Biografía de Francisco Fernández del Riego
- A Fonte de Neptuno de Vigo
- Petroglifos de Vigo e o Val Miñor
- Arquitectura civil de Vigo
- Historia de “La Oliva”
- Toponimia da Baixa Limia
- A obra de Heidegger
- Relación entre Galicia e o Estreito de Xibraltar
- Fotografías de Vigo
- Patrocinio artístico e cultural dos prelados palentinos durante a Idade Media
- O internacionalismo da Unión do Pobo Galego (1964-1982)
- Barcos de pesca gallegos
- Prensa local de Tui
- Investigación xenealóxica
- Torrente Ballester, Dieste, Cunqueiro, Méndez Ferrín : literatura fantástica do franquismo

#### MAIO

- Galego, unha viaxe pola nosa historia
- Historia da revista Adral
- Arquitectura do século XIX en Vigo
- Rosalía de Castro no século XXI
- Historia de Vigo na época romana
- Toponimia da Baixa Limia



- Historia de “La Oliva”
- Toponimia e lingua
- A literatura de Salvador Espriu
- A pesca en Galicia
- Centro de Interpretación de Vigo e a súa Ría
- A obra de Oscar Lopes
- Historia do reintegracionismo
- Historia da literatura galega (1835-1936)
- Cruces e cruceiros en Galicia
- Historia de Galicia
- O teatro de Bertold Brecht
- Humor en Xaquín Marín

#### XUÑO

- Pesca galega en portos andaluces
- Historia do Rexurdimento
- Don García Rei de Galicia
- A poesía de Xosé María Díaz Castro
- O turismo en Galicia
- Investigación antropolóxica e etnográfica galega
- Paremioloxía galaico-portuguesa
- Toponimia e historia
- Vigo na arte
- Documental sobre a “Biblioteca do Mar”
- Sociedades musicais
- Historia de Grial
- Correspondencia de Vicente Risco con Ramón Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro

#### XULLO

- A figura de Manuel Pardo de Andrade
- Xeografía de Galicia
- Antonio Valeiras, matemático
- Historia do Seminario de Estudos Galegos
- O Cable Inglés
- Biografía de Xosé Otero Espasandín
- Toponimia e historia de Galicia
- “Todo se move no mar”
- O lugar de Angrois na parroquia do Sar
- Vigo no século XIX
- Historia local de Vigo
- A actividade laboral feminina

## AGOSTO

- A actividade laboral feminina
- Sobre Roberto Vidal Bolaño
- A figura de Camilo Díaz Baliño e a súa relación coas estampas corais galegas
- Museos e iniciativas para a recuperación histórico-artística do exilio español
- A obra de Xosé María Díaz Castro
- Historia local de Vigo
- Toponimia e historia de Galicia
- A obra literaria de Manuel Pardo de Andrade
- A figura de Amor Ruibal
- O humor en Xaquín Marín
- A Biblia

## SETEMBRO

- As danzas rituais e procesionais na provincia de Pontevedra
- Toponimia e historia
- A obra de Francisco Mirás
- A figura de Manuel Pardo de Andrade
- Literatura de Arcadio López Casanova
- Historia do fútbol vigués
- Localizacións do filme “A Esmorga”

## OUTUBRO

- A literatura de Aquilino Iglesia Alvariño
- Sociedades musicais galegas
- 100 anos de “La Ráfaga”
- A pesca en Galicia
- A produción editorial en Galicia durante o franquismo
- As danzas rituais e procesionais na provincia de Pontevedra
- A obra de Ricard Salvat
- Lingüística galega
- A figura de Luis Seoane
- Toponimia e historia
- 50 anos do Día das Letras Galegas
- Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade
- A obra de Rosalía de Castro

## NOVEMBRO

- Addenda a unha bibliografía histórica de Vigo
- Toponimia e historia
- A carpintería de Ribeira
- Galicia a finais do século XIX
- O Cargadeiro Minerais de Galicia, S.A.
- Relación marítima de Vigo-zona do Estreito
- A figura de Xaquín Marín
- Viño e cultura galega
- Epistolario de Américo Castro con Ramón Martínez López e con Francisco Fernández del Riego
- Os alcaldes de Vigo
- 100 anos de Maristas en Vigo
- Historia urbanística da cidade de Vigo
- A Reconquista de Vigo 1809
- Vigo no século XIX
- Historia de Reconquista de Vigo
- Ruta temática por Vigo
- Rosalía de Castro e Victoriano Taibo
- O Cristo dos navegantes
- Exposición “Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito”
- Lingua e cultura galega

## DECEMBRO

- Historia do deporte en Galicia
- A figura de Xaquín Marín
- Toponimia e historia
- Turismo en Galicia
- Historia das Illas Cíes
- Alcaldes e concellos de Vigo
- Tui no século XIX
- A igrexa de Santa Baia de Boveda
- O Cargadeiro Minerais de Galicia, S.A.
- Historia veterinaria
- O Santuario da Nosa Señora da Franqueira
- Historia dos cafés literarios
- A emigración galega
- Os rescates de Rande
- Exposición “Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito”
- Coleccións do Museo Municipal: Gil de Vicario, Martí, Palmarola
- Historia e poética do best-seller
- O aceite de oliva en Galicia

## IX. CONVENIOS

1. **Convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Fundación Penzol, para a realización de actividades con motivo do cincuentenario da Fundación Penzol (24 de abril de 2013).**

Para a realización do programa conxunto de actividades seguinte:

- Reimpresión do libro *Fermín Penzol: unha obra para un país*.
- Exposición *Fermín Penzol: unha obra para un país*.
- Exposición *Francisco Fernández del Riego: cos ollos do seu espírito*.

2. **Convenio da Universidade da Coruña con Fundación Penzol, para a realización das prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Humanidades e Documentación (19 de maio de 2013).**

Este convenio tivo por obxecto posibilitar aos estudantes da titulación da Facultade de Humanidades e Documentación da UDC a realización do Prácticum (prácticas externas) correspondente ao Plan de estudos de Grado en Información e Documentación.

## X. PERSOAL: CONTRATOS, PRÁCTICAS E VOLUNTARIOS

No 2013, grazas a un convenio asinado no ano anterior, “Convenio de cooperación entre a Fundación Penzol e a Universidade de Santiago para a realización de prácticas externas dos estudantes das titulacións impartidas na Facultade de Xeografía e Historia” (19 de xuño de 2012), o estudante **David Lara Míguez** rematou o 26 de marzo deste ano as prácticas titorizadas no Arquivo da Fundación Penzol, que iniciara o 28 de novembro de 2012.

Así mesmo, conforme a outro convenio asinado no 2012, “Convenio de cooperación educativa entre a Fundación Penzol e a Universidade de Vigo, Vicerreitorado de Ourense, para a realización de prácticas preprofesionais” (9 de abril de 2012), o alumno **Adrián Presas Sobrado** realizou 150 horas de prácticas extracurriculares no fondo Xosé María Álvarez Blázquez, dende o 13 de maio ao 6 de xuño de 2013.

No marco do convenio citado no apartado anterior, entre a UDC e a Fundación Penzol (19 de maio de 2013), a alumna Beatriz Montes Crespo, realizou prácticas titorizadas no Arquivo da Fundación Penzol, en concreto no inventario do fondo Antonio Pérez Prado, dende o 1 de xullo ao 30 de agosto de 2013.

Como voluntarios puidemos seguir con **Silvestre Gómez Xurxo**, padroeiro e responsable da elaboración de “Novas Penzol” e con **Nazario Santos Somoza** que continuou coa revisión da sección *documentos científicos e literarios* do fondo Manuel Rodríguez Lapa. Neste ano produciuse a incorporación de novos voluntarios: **Pablo Pastoriza Rozas** que durante os meses de marzo e abril colaborou no inventario do fondo Antonio Pérez Prado e **Xurxo Rodríguez Pérez** que dende o 21 de outubro traballou no fondo do Colectivo Inzar.

O 23 de outubro, produciuse a xubilación da ordenanza do Concello de Vigo, **Margarita García Romero**, con ela compartiron os seus compañeiros un entrañable e emotivo xantar de despedida.

Vigo, 29 de maio de 2014